

Estimado cliente,

Mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 5 de decembro de 2023, polo que se instrúe o Instituto de Crédito Oficial (ICO) para habilitar a extensión do vencemento dos avais liberados ao abeiro do artigo 29 do Real decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do plan nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína (de agora en diante, "a Liña ICO UCRAÍNA"), e se habilitou o ICO para subscribir coas entidades financeiras a addenda oportuna (de agora en diante, a "Addenda") para modificar a referida Liña ICO UCRAÍNA, a extensión deses avais poderá facerse mesmo aínda que transcorrese o vencemento do Marco Temporal de Crise e de Transición, así como a modificación dos acordos marco coas entidades financeiras mediante a subscrición da correspondente addenda aos anteditos acordos.

O Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. (de agora en diante, o "BBVA" ou o "Banco") subscribiu a mencionada Addenda. Ao seres titular dunha operación de financiamento con aval público baixo a Liña ICO UCRAÍNA, **recomendámosche encarecidamente que leas con atención esta información sobre a posibilidade de solicitar a extensión da referida operación de financiamento que baixo o Acordo do Consello de Ministros do pasado 5 de decembro tes á túa disposición.**

Queremos destacar que **a extensión de prazo require a autorización da entidade financeira, xa que está suxeita aos procedementos internos e ás políticas de concesión e de riscos, polo tanto, o Banco pode aceptar ou rexeitar a solicitude.**

Se che interesa esta medida, deberás cumprir cos requisitos detallados na Resolución identificada ao inicio desta carta, así como cos criterios de elixibilidade e límites de axudas de Estado vixentes na Liña ICO UCRAÍNA. Se cumpres cos requisitos, poderás solicitar a extensión do prazo de vixencia da operación, que quedaría suxeita ao Marco Temporal específico para as axudas de Estado, coa finalidade de apoiar a economía dos estados europeos, en relación coas consecuencias económicas e sociais derivadas da agresión contra Ucraína por parte de Rusia (2022/C 131 I/01) ("Marco Temporal de Ucraína"), tal e como este foi modificado e complementado en diferentes ocasións.

O prazo máximo da operación tras esta extensión será de 10 anos desde a formalización no caso de operacións que se acollan ao apartado 2.1 do Marco Temporal de Ucraína con axuda pública de ata 2.250.000 € e de 8 anos desde a formalización no caso de operacións que superen ese límite e se acollan ao apartado 2.2 do Marco Temporal de Ucraína. [NOTA: O límite de 2.250.000 € calcularase de maneira agregada por grupo de empresas e computaranse as operacións xa suxeitas ao réxime do apartado 2.1 do Marco Temporal máis o importe avalado da operación á que se vai estender o prazo e, en función do sector de actividade en que opere o solicitante, poderá ser inferior].

As operacións que estean por riba do límite de 2.250.000 € (suxeitas ao apartado 2.2 do Marco Temporal) verán incrementado o seu prezo tras a extensión para dar traslado do incremento do custo do aval público.

Poderás solicitar unha única vez a extensión do prazo por operación. Adicionalmente, o Banco poderá, segundo o seu criterio, outorgar (ou non) a carencia en calquera caso (aínda que o cliente cumpra con todos os requisitos). A solicitude de extensión terase que presentar ante o ICO unha vez formalizada a extensión e esa formalización non se poderá levar a cabo se falta menos dun mes para a finalización do vencemento da operación de financiamento, por tanto, recomendámosche que realices as xestións oportunas con suficiente antelación para evitar problemas.

Os custos derivados da implantación das medidas anteriormente descritas serán asumidos por ti. Ten en conta tamén que, como xa se indicou, a extensión de prazo pode comportar o incremento do prezo do financiamento, o que se fai coa finalidade de compensar o custo do aval público.

De novo, **por favor**, accede á páxina web do Banco, onde encontrarás máis información detallada e, en caso de dúbida, pódeste pór en contacto coa túa oficina.